

PEZA: Virxe do Leite

Escultura gótica de granito

Nº INV.: D-1517

Peza favorita de Lola Barrientos

No momento do achado desta peza estaba estudando en Santiago e recordo que fora unha noticia que me sorprendera moito, xa non só por tratarse dunha Virxe gótica que aparece de repente nun río, senón por atoparse nun lugar que percorría todos os días co meu caniño. Fascíname pensar como a veces pequenos tesouros se agochan entre nós sen apenas darnos conta e pasan a formar parte dun escenario rutineiro de centos de persoas.

Non obstante, maior sorpresa debeu de levar o pescador que a encontrou cando se percata de que, aquela pedra cadrada e estraña que había no río, se trataba dunha Virxe gótica do século XIV. Por se fora pouco, acabaría constituíndo (xunto a de Santa María de Salomé) un dos primeiros exemplos galegos de Virxe do Leite entronizada, coroada e con anxos; ademais, das únicas esculturas sedentes e pinxantes conservadas do primeiro modelo desta iconografía.

Polo tanto, esa nai e fillo que estaban abandonados e aos que o río calaba no seu interior, pasaron a ser membros clave dunha gran familia de Virxes galegas. Agora teñen un novo fogar e están seguros, acabóuselles a soidade. Espero que algún día podamos coñecer máis da súa historia.

Lola Barrientos

9 de setembro de 2024